

Plan de Infraestructuras Sanitarias

Atención Primaria



XUNTA
DE GALICIA

Plan de Infraestructuras Sanitarias. Atención Primaria.

Consellería de Sanidade

ÍNDICE





1 —
Introducción
Páxina 06

2 —
Centros de Saúde
Fase 0
Páxina 10

3 —
Centros de Saúde
Fase 1
Páxina 22

4 —
Centros de Saúde
Fase 2
Páxina 46

5 —
Mapas resumo
Páxina 68

6 —
Glosario
Páxina 74

INTRODUCCIÓN



Hai 40 anos, a Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia contemplou no seu artigo 33 a posibilidade de que a Comunidade Autónoma de Galicia que se constituía puidese “organizar e administrar para tales fins e dentro do seu territorio tódolos servizos relacionados” co eido sanitario.

Xa con carácter previo, en 1980, a administración xeral do Estado tiña transferido á Xunta determinadas competencias relacionadas coa promoción da saúde, o control sanitario e a saúde pública pero non foi ata o ano 1990 cando o Real Decreto 1679/1990, do 28 de decembro, sobre traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia das funcións e servizos do Instituto Nacional da Saúde oficializou a asunción por parte da Xunta de Galicia da prestación da asistencia sanitaria pública.

Froito dese traspaso, adscribíronse á Xunta unha longa lista de inmobles de uso sanitario cuxa titularidade correspondía á Tesourería Xeral da Seguridade Social. Posteriormente, en 1986, un novo Real Decreto de traspasos adscribía tamén á Xunta unha nova serie de inmobles que o Instituto Social da Marina utilizaba con finalidade sanitaria.

Por outra banda, un gran número de concellos galegos contaban tamén con inmobles de titularidade municipal. Froito do Pacto Local, a Xunta foi asumindo desde o ano 2010 máis de 90 deles mentres que os restantes, pese a continuar en mans locais, reciben financiamento da Xunta para o seu mantemento a través do Fondo Adicional do Fondo de Cooperación Local.

Partindo desta base, o Servizo Galego de Saúde foi actuando desde a súa creación nese parque inmobiliario, realizando renovacións, reformas e construción de novos centros. Desde o ano 2009, máis de 90 centros de saúde galegos foron construídos ou reformados pola Xunta de Galicia.

Isto ten configurado un mapa de infraestruturas de atención primaria en Galicia que suma preto de 500 centros distribuídos por toda a comunidade, de distinta orixe, titularidade, configuración e características. Un mapa que da asistencia sanitaria a unha poboación de 2,7 millóns de habitantes, e no que moitos destes centros, herdados de outras administracións sofren carencias derivadas da súa antigüidade ou da non adaptación á evolución demográfica da poboación de referencia á que prestan servizo ou do incremento da carteira de servizos neste nivel asistencial.

A actuación sobre este parque inmobiliario ten sido unha prioridade para a Xunta nos últimos anos e así se reflicte en diversos documentos reitores, a comezar polos Plans Estratéxicos da Xunta a as Estratexias do SERGAS. Así, no Plan 2010-2014, dentro do obxectivo estratéxico 1.2 denominado “Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para todos os galegos e galegas” facíase unha referencia expresa á necesidade de “modernizar as infraestruturas”, colocándoa como un dos obxectivos estratéxicos da Estratexia SERGAS 2014 e abarcando tamén as infraestruturas hospitalarias. Deste xeito, o documento reitor do Servizo Galego de Saúde converteu esa modernización no seu Obxectivo Estratéxico 7, incorporando unha liña, a 7.3 máis centrada na atención primaria e denominada “construción e reforma de centros de saúde”. Froito desa liña estratéxica proceden boa parte das infraestruturas de atención primaria construídas ou reformadas mencionadas anteriormente.

No Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020, dentro do eixo 2 denominado “Benestar das persoas e as familias e cohesión social” formúlanse cinco prioridades de actuación, sendo a primeira delas a titulada “Sistema sanitario sustentable e de calidade. Fomento da saúde pública e dos hábitos de vida saudables”, que integra como obxectivo estratéxico número 5 o de “Adecuar as infraestruturas e o equipamento sanitario ás necesidades de pacientes e profesionais”. Este obxectivo formula como un dos seus retos “Renovar e modernizar os edificios da rede de atención primaria para mellorar a asistencia prestada á cidadanía e o contorno de traballo dos e das profesionais”, orientado ao resultado de “Contar con espazos funcionais e ben dimensionados que permitan o desenvolvemento dunha asistencia de calidade e cuns estándares de confort axeitado”. Tamén en liña con este Plan Estratéxico, a Estratexia SERGAS 2020 contemplaba dentro da súa Liña Estratéxica 20 o proxecto de “Reforma, ampliación e modernización de centros de saúde da Comunidade Autónoma de Galicia para mellorar a atención sanitaria prestada aos usuarios do sistema e ás condicións e medios de traballo dos profesionais”. Dese impulso nacen boa parte das infraestruturas de atención primaria postas en servizo nos últimos tres anos ou a planificación e inicio de construción dos primeiros Centros Integrais de Saúde.

Porén, o desenvolvemento desta prioridade non fora artellada a través dunha planificación específica. Isto comezou a mudar coa elaboración do Plan Galego de Atención Primaria 2019-2021, que incluíu como obxectivo 7.6 o de “Adecuar os espazos ás necesidades dos profesionais e dos pacientes” e formulou obxectivos a curto, medio e longo prazo con mención a infraestruturas concretas.

No entanto, as infraestruturas doutros eidos da administración autonómica como o educativo ou o xudicial comezaron a contar con Plans de Infraestruturas propios que definían unha folla de ruta a medio prazo e priorizaban actuacións. Do mesmo xeito, boa parte dos hospitais de Galicia dotáronse de Plans Directores que programaban os desenvolvementos futuros da infraestrutura, deseñando o rumbo a seguir para as sucesivas fases de ampliación ou mellora dos complexos hospitalarios.

Neste contexto, a Xunta de Galicia e o Servizo Galego de Saúde teñen tomado a determinación de impulsar un Plan de Infraestruturas Sanitarias de Atención Primaria que sirva a xeito de plan director do investimento futuro nesta rede de centros, deseñando así unha folla de ruta que centre as prioridades a curto e medio prazo.

Para a elaboración desta planificación contouse co coñecemento existente nas estruturas das áreas sanitarias, que repasaron a situación das infraestruturas da súa contorna para avaliar as maiores necesidades. Tamén existiu un proceso de diálogo coas Delegacións Territoriais da Xunta para canalizar as principais reivindicacións desde o eido local, desenvolvéndose unha serie de reunións con alcaldes e alcaldesas que expuxeron as necesidades sanitarias da súa poboación e que foron contrastadas coas formuladas polas áreas sanitarias.

Finalmente, foi chave a colaboración da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a través do seu Instituto de Estudos do Territorio, que elaborou un mapa de isócronas fundamental para detectar as áreas de maior poboación máis afastadas dun centro hospitalario e, por tanto, candidatas á instalación dun Centro Integral de Saúde, traballo que identificou a comarca do Deza (na que xa está en execución este centro) xunto coas de Bergantiños, Morrazo e Baixo Miño, para as que este Plan ofrece alternativas.

Ademais desta análise xeográfica, os criterios fundamentais que se tiveron en conta para establecer a priorización destas futuras actuacións foron tanto técnicos como asistenciais, valorando circunstancias como a antigüidade dos actuais centros ou o seu estado de conservación, así como as carencias funcionais e operativas que as áreas atopan neles para adaptalos ás necesidades actuais de asistencia sanitaria. Neste sentido, a elaboración deste Plan alíñase coa estratexia de transformación que a Xunta de Galicia está a desenvolver na atención primaria a través do documento estratéxico 'Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde'.

Así, a Xunta está a apostar pola potenciación da atención multidisciplinar, do traballo en equipo e o desenvolvemento en plenitude das competencias de cada categoría profesional implicada neste nivel asistencial, cunha vocación de impulso á saúde comunitaria. Nese sentido, estase a traballar na implantación de plans de saúde locais que outorguen máis autonomía aos centros potenciando as figuras de xefes e coordinadores de servizo, e permitindo o desenvolvemento de diferentes abordaxes, adaptadas á realidade local, de problemas como a redución da saturación das axendas, a xestión da demanda imprevista procurando a transformación progresiva da actividade que se realiza a demanda en actividade programada ou a atención á cronicidade, a domiciliaria e as intervencións comunitarias.

Este novo deseño, que aposta pola introdución de novas categorías na atención primaria e que promove a máxima capacidade de resolución de cada profesional, para prestar unha atención o máis integral e resolutive posible, evitando a duplicidade de consultas, require tamén de espazos no que ese traballo en equipo, esa atención multidisciplinar e esa actuación comunitaria sexan posibles, marcando o camiño cara un determinado modelo de infraestruturas que se adapten aos plans funcionais que require este modelo asistencial.

En consecuencia, este Plan de Infraestruturas Sanitarias de Atención Primaria non só identifica con criterios obxectivos aqueles centros sobre os que é máis prioritaria unha intervención para a súa reforma ou substitución, senón que tamén enfoca as características desa intervención para garantir a súa adaptación aos novos requirimentos asistenciais do modelo de atención primaria cara ao que a Xunta de Galicia quere dirixirse.

Configúrase así un documento estratéxico que funcionará a xeito de plan director, dirixindo os esforzos orzamentarios da administración autonómica durante os vindeiros anos cara a determinadas prioridades así como facilitando a capacidade de previsión no necesario diálogo coas administracións locais para a posta a disposición das parcelas axeitadas e o inicio dos trámites urbanísticos, contando xa cunha superficie estimada do futuro edificio e cunha garantía da vontade da administración autonómica de levar a cabo ese proxecto ao atoparse dentro dunhas prioridades marcadas e coñecidas.

En suma, a Xunta de Galicia pretende que a aprobación deste Plan de Infraestruturas Sanitarias de Atención Primaria supoña un pulo para o deseño da política autonómica de investimentos e para a colaboración institucional necesaria para desenvolvelos.


Este Plan formula un horizonte para a atención primaria dos vindeiros anos, establecendo prioridades que permitirán centrar os esforzos e acelerar os procedementos necesarios para facer realidade os proxectos que formula e que a atención primaria en particular e a sanidade pública galega en xeral necesitan para continuar medrando.

FASE 0



CENTROS DE SAÚDE

1. CS Abegondo..... páxina 12
2. CS de A Coruña
(Santa Lucía) páxina 13
3. CS de Santiago
(Conxo) páxina 14
4. CS Antas de Ulla..... páxina 15
5. CS A Rúa páxina 16
6. CIS Ourense..... páxina 17
7. CS Soutomaior páxina 18
8. CS Vilagarcía páxina 19
9. CIS de Vigo
(Olimpia Valencia)..... páxina 20
10. CS Moaña..... páxina 21



CENTRO DE SAÚDE

Abegondo



ÁREA SANITARIA
A Coruña e Cee



CENTRO DE SAÚDE
CS Abegondo



DATA DE CONSTRUCCIÓN
1985 · 35 anos



TITULARIDADE
Municipal



TIS
4.987

4.987 para o Concello e 9.100 no servizo de atención primaria (inclúe o concello de Oza-Cesuras)

NECESIDADES DETECTADAS



Centro de planta baixa que, a pesar das pequenas reformas levadas a cabo polo concello, ten deficiencias estruturais, insuficiencia de consultas, falta de sala de técnicas, zona de admisión insuficiente, áreas asistenciais non diferenciadas.

O edificio presenta tamén humidades, condensación en varias consultas e deficiencias no illamento de ruído.

Un centro de 403 m².

PROPOSTAS DE ACTUACIÓN



Novo centro

O plan funcional conta cos seguintes espazos: 3 consultas de medicina, 3 consultas de enfermería, 1 sala de educación maternal, 1 consulta de matrona, 1 sala de técnicas, 1 polivalente/urxencias, 1 de infecciosos, 1 consulta de pediatría e 1 de enfermería pediátrica e 1 despacho de coordinación.

Con respecto ao centro de saúde actual incrementase: 2 consultas de enfermería, 2 consultas polivalentes, 1 consulta de infecciosos/respiratorios, 1 despacho de coordinación, sala de educación sanitaria, aseos de pediatría, oficios, sala de estar de persoal e vestiarios, incremento das zonas de espera.

ESPAZO ESTIMADO > **1.200 m²**

CENTRO DE SAÚDE

Santa Lucía



ÁREA SANITARIA
A Coruña e Cee



CENTRO DE SAÚDE
CS Santa Lucía (A Coruña)
Substitúe ao centro de saúde de Federico Tapia



DATA DE CONSTRUCCIÓN
1981 • 39 anos



TITULARIDADE
Tesourería SS



TIS
11.500

NECESIDADES DETECTADAS



A xustificación da necesidade deste novo centro ven motivada porque o centro de saúde de Federico Tapia queda pequeno (387 m²) e sen posibilidade de ampliación xa que está na planta baixa dun edificio de vivendas. Ademais son moitas as eivas das súas instalacións con escasa ventilación e luminosidade.

ESPAZO ESTIMADO > **4.315 m²**

PROPOSTAS DE ACTUACIÓN



Novo centro

Unha infraestrutura completamente renovada, moderna, máis accesible e orientada ao paciente.

O plan funcional conta cos seguintes espazos: 6 consultas de medicina, 4 de enfermería, 1 de matrona, sala de toma de mostras, sala de técnicas, 1 sala polivalente, 2 consultas de pediatría, 1 de enfermería pediátrica, 1 despacho de coordinación, 1 sala de educación sanitaria, 1 despacho de traballador social.

Con respecto ao centro de saúde actual incrementase: 9 consultas de adultos, sala de educación sanitaria, despacho de traballador social, 1 consulta de pediatría, sala de estar de persoal e despacho de coordinación.

CENTRO DE SAÚDE

Conxo



ÁREA SANITARIA
Santiago e Barbanza



CENTRO DE SAÚDE
Conxo (Santiago)



DATA DE CONSTRUCCIÓN
1993 · 28 anos



TITULARIDADE
SERGAS



TIS
5.300

Como centro de saúde

NECESIDADES DETECTADAS



Centro de saúde ubicado en pranta baixa que presenta relevantes deficiencias que afectan ao seu correcto funcionamento. Entre as deficiencias están os problemas de filtracións de capilaridade dos muros de pedra nas unidades da planta baixa; carpinterías exteriores de madeira deterioradas, pavimento moi deteriorado, instalación eléctrica obsoleta e sen capacidade para absorber a demanda, problemas nas instalacións de calefacción, fontanería e saneamento.

Necesidade de novos espazos para incorporar novos procedementos. Actualmente algunha das consultas é compartida por varios profesionais.

Dentro do mesmo espazo hai situadas 2 unidades de saúde mental.

PROPOSTAS DE ACTUACIÓN



Reforma e ampliación

A ampliación consiste na incorporación de: 1 consulta de MF, 1 de enfermería, 1 de farmacia, 1 de ciruxía menor e aseos de persoal. Ademais reformase a área das USM que contarán con 5 consultas médicas, 3 de psicoloxía, 2 de enfermería e 1 sala de técnicas.

Crease 1 unidade de psicoxeriatría con 4 consultas.

ESPAZO ESTIMADO > **2.484 m²**

CENTRO DE SAÚDE

Antas de Ulla



ÁREA SANITARIA
**Lugo, A Mariña e
Monforte de Lemos**



CENTRO DE SAÚDE
Antas de Ulla



DATA DE CONSTRUCCIÓN
1988 · 33 anos



TITULARIDADE
Municipal



TIS
1.600

NECESIDADES DETECTADAS



O centro de saúde actual dada a súa antigüidade necesita una reforma integral para a que non habería espazo suficiente, polo que faise necesaria a construción dun novo centro de saúde, que permitirá desenvolver unha mellor atención sanitaria.

A superficie do centro é de 295 m².

PROPOSTAS DE ACTUACIÓN



Novo centro

O plan funcional conta cos seguintes espazos: 2 consultas de medicina, 2 de enfermería, 1 polivalente, 1 de toma de mostras, sala de xuntas e persoal.

Con respecto ao centro actual increméntase: 1 consulta, sen embargo as melloras afectan á estrutura do centro tanto en distribución como en instalacións.

ESPAZO ESTIMADO > **850 m²**

CENTRO DE SAÚDE A Rúa



ÁREA SANITARIA
**Ourense, Verín e
O Barco de Valdeorras**



CENTRO DE SAÚDE
CS A Rúa



DATA DE CONSTRUCCIÓN
1982 · 39 anos



TITULARIDADE
Municipal



TIS
4.200

NECESIDADES DETECTADAS



O actual centro non reúne as condicións necesarias para as persoas maiores e con dificultade de mobilidade e presenta múltiples carencias e deficiencias estruturais e funcionais, destacando a falta de espazo físico e barreiras arquitectónicas que presentan as comunicacións verticais.

A superficie deste edificio é de 550 m².

PROPOSTAS DE ACTUACIÓN



Novo centro

O plan funcional conta cos seguintes espazos: 6 consultas de adultos, 1 consulta de odontoloxía (para compartir o odontólogo e o hixienista), 1 sala polivalente, 1 do programa da muller, 1 consulta de pediatría e 1 de enfermería pediátrica, 1 consulta de urxencias, sala de educación sanitaria, despacho de traballo social, ademais de esperas, aseos, sala de persoal, oficios, admisión, almacéns.

Con respecto ao centro actual incrementáse: 1 despacho de traballador social, 1 sala de educación sanitaria, 2 salas polivalentes, 1 consulta do programa da muller, 1 consulta de enfermería pediátrica, sala de estar de persoal e oficios.

ESPAZO ESTIMADO > **1.000 m²**

CENTRO INTEGRAL DE SAÚDE

Ourense



ÁREA SANITARIA
**Ourense, Verín e
O Barco de Valdeorras**



CENTRO DE SAÚDE
CIS de Ourense



DATA DE CONSTRUCCIÓN
1968 · 53 anos



TITULARIDADE
Tesourería SS



TIS
22.500

*22.500 como centro de saúde, 138.500 no
PAC, 203.293 no COF e 240.413 na USM*

NECESIDADES DETECTADAS



O edificio do Centro de Saúde Novoa Santos do ano 1968, conta con 3.959 m² construídos, dos que 3.260 son sobre rasante e distribuído en 7 plantas cunha distribución pouco funcional.

Esta nova oportunidade pasa por construír un novo edificio no solar ocupado polo actual CS Novoa Santos, no que se redistribúan parte dos servizos sanitarios dispersos.

Polo tanto, este novo edificio ten a capacidade de integrar a totalidade do CS Novoa Santos e os servizos de Atención Primaria do edificio da Rúa Concejo.

ESPACIO ESTIMADO > **6.500 m²**

PROPOSTAS DE ACTUACIÓN



Novo centro

O novo CIS permitirá unificar o PAC coa atención común; sumar un circuíto específico para pacientes infecciosos; contar cunha sala específica de diagnose por ultrasóns e área de radiodiagnose; e aplicar programas para pacientes crónicos e multipatolóxicos e outros de rehabilitación integral.

Contará coas áreas asistenciais de adultos, pediatría, muller, docencia, bucodental, telemedicina, radiodiagnóstico, rehabilitación, traballo social, COF, saúde mental, área de PAC.

CENTRO DE SAÚDE

Soutomaior



ÁREA SANITARIA
Pontevedra e O Salnés



CENTRO DE SAÚDE
CS Soutomaior



DATA DE CONSTRUCCIÓN
1989 · 31 anos



TITULARIDADE
SERGAS



TIS
6.700

Contando con Pontesampaio

NECESIDADES DETECTADAS



O CS de Arcade conta instalacións antigas, reducidas, e sen espazo diferenciado para pediatría. A accesibilidade é dificultosa, xa que se realiza en rampla e con corredor estreito, tamén ten escaseza de aseos de usuarios e profesionais. A accesibilidade vial é directa desde unha estrada nacional de alta intensidade de tráfico, con escasos espazos de aparcamento perimetral e o acceso peonil é moi limitado.

A xustificación da unificación con Pontesampaio está en que Arcade/Soutomaior contarán cun novo centro de saúde mais céntrico.

Este centro conta con 480 m².

PROPOSTAS DE ACTUACIÓN



Novo centro

O Plan funcional contempla a ampliación de: 2 consultas de medicina, 2 de enfermería, 1 de técnicas, 1 polivalente, e 1 sala de xuntas, ampliación sala educación sanitaria.

Crearase un área materno infantil con sala de espera diferenciada (actualmente non existe). Tamén se incorporarán outros espazos como aseos de persoal, almacén, oficinas, adecuación da sala de persoal.

Con respecto ao centro de saúde actual incrementase: 8 consultas e sala de xuntas de persoal.

ESPAZO ESTIMADO > **1.500 m²**

CENTRO DE SAÚDE Vilagarcía



ÁREA SANITARIA
Pontevedra e O Salnés



CENTRO DE SAÚDE
CS Vilagarcía



DATA DE CONSTRUCCIÓN
1972 · 49 anos



TITULARIDADE
Tesourería SS



TIS
40.000

40.000 como CS, 49.214 no SAP e
PAC (suma Catoira e Vilanova)

NECESIDADES DETECTADAS



Centro de 3.400m² moi colapsado, con instalacións obsoletas e con mala accesibilidade.

ESPACO ESTIMADO > **5.300 m²**

PROPOSTAS DE ACTUACIÓN



Novo centro

O Plan Funcional contempla: 17 consultas medicina, 17 de enfermería, 2 de farmacia, toma de mostras, 4 salas de técnicas, 3 polivalentes, 4 de docencia, sala de illamento consulta traballador social, 5 consultas de pediatria e 5 de enfermería pediátrica, sala de nebulización, un área da muller con 3 consultas e sala de educación sanitaria, no PAC 9 espazos asistenciais, area bucodental, área de fisioterapia e 3 consultas para especialistas hospitalarios.

Este novo inmoble permitirá incrementar: en 3 as consultas de medicina xeral (ata 17), en 4 as de enfermería (ata 17), en 1 as de pediatria (ata 59) e en 2 as de enfermería pediátrica (ata 5). Ademais, duplicaranse as consultas de especialistas que no actual centro de saúde tiñan unha única consulta como traballo social, farmacia, matrona, odontoloxía, hixienista dental ou fisioterapia. E medrarán tamén outro tipo de instalacións como as salas de técnicas que pasarán de 2 a 4; as salas polivalentes, que pasarán de 2 a 3; as consultas de docencia, que pasarán de 1 a 5; ou as salas de reanimación e observación da área de urxencias, que pasarán de 1 a 2.

CENTRO INTEGRAL DE SAÚDE

Olimpia Valencia



ÁREA SANITARIA
Vigo



CENTRO DE SAÚDE
CIS Olimpia Valencia
Substitución dos CS de Nicolás Peña e López Mora



DATA DE CONSTRUCCIÓN
2022



TITULARIDADE
SERGAS



TIS
42.000
Como CIS

NECESIDADES DETECTADAS



Necesidade de reorganización asistencial de centros de saúde de Vigo.

Este novo centro integral de saúde representa unha oportunidade de mellora dos servizos sanitarios da cidade de Vigo, unificará a atención sanitaria do barrio de As Travesas e incrementará a carteira de servizos de atención primaria que se presta na actualidade.

O obxectivo fundamental da nova infraestrutura é substituír ao centro de saúde López Mora, que está obsoleto, presentando unhas condicións estruturais que son mellorables, cunha evidente limitación espacial que condiciona o seu crecemento e desenvolvemento.

PROPOSTAS DE ACTUACIÓN



Novo centro

Este CIS estará conformado polas seguintes áreas asistenciais:

- *adultos: con 52 consultas*
- *pediatría: con 17 consultas área da muller con 2 consultas e sala de educación sanitaria*
- *docencia: con 4 consultas*
- *bucodental: con 2 consultas*
- *telemedicina*
- *rehabilitación: con 2 consultas, 6 cabinas e ximnasio*
- *traballo social: con 2 consultas base para 2 ambulancias do 061*
- *Ademais de despachos de coordinación, área de persoal, aseos, esperas...*

ESPAZO ESTIMADO > **7.620 m²**

CENTRO DE SAÚDE Moaña



ÁREA SANITARIA
Vigo



CENTRO DE SAÚDE
CS Moaña



DATA DE CONSTRUCCIÓN
1988 · 33 anos



TITULARIDADE
SERGAS



TIS
18.408
Como CIS

NECESIDADES DETECTADAS



Necesidade de adaptar instalacións ao incremento de personal.

O actual centro de saúde de Moaña ocupa parte do edificio da Casa do Mar e comparte instalacións con dependencias para a terceira idade e oficinas do ISM. A parte ocupada polo Servizo Galego de Saúde distribúese en dúas plantas. As instalacións son insuficientes, polo que ao longo do tempo propuxéronse solucións a esta falta de espazo como é a realización da educación maternal na área de asuntos sociais ou a construción dun ascensor por estar situado o centro de saúde no primeiro andar.

Este centro de saúde conta na actualidade con 1.033 m².

ESPACIO ESTIMADO > **3.507 m²**

PROPOSTAS DE ACTUACIÓN



Novo centro

O Plan Funcional contempla: 8 consultas de medicina, 6 de enfermería, 1 de matrona, sala de toma de mostras, sala de técnicas, 6 salas polivalente, 2 consultas de pediatría, 2 de enfermería pediátrica, 2 polivalentes de pediatría, 1 despacho de coordinación, 1 sala de educación sanitaria, área de bucodental, área de fisioterapia, 1 despacho de traballador social, sala de telemedicina, sala de ecografía, sala de asociación de pacientes.


Con respecto ao centro actual incrementábase: 9 consultas de adultos, despacho de traballador social, sala de telemedicina, 3 consultas de pediatría, sala de ecografía. As salas polivalentes poderán ser usadas como PAC.

FASE 1



CENTROS DE SAÚDE

1. CIS Carballo páxina 24
2. CS Culleredo páxina 25
3. CS Cedeira páxina 26
4. CS Noia páxina 27
5. CS Ribeira páxina 28
6. CS Porto do Son páxina 29
7. CS Pantón páxina 30
8. CS de Lugo
(Sagrado Corazón) páxina 31
9. CS de Lugo
(A Milagrosa) páxina 32
10. CS Meira páxina 33
11. CS Outeiro de Rei páxina 34
12. CS Ribadeo páxina 35
13. CIS O Carballiño páxina 36
14. CS Boborás páxina 37
15. CS Muíños páxina 38
16. CS Caldas de Reis páxina 39
17. CS O Grove páxina 40
18. CS Poio páxina 41
19. CS Moraña páxina 42
20. CIS Cangas páxina 43
21. CIS A Guarda páxina 44



CENTRO INTEGRAL DE SAÚDE

Carballo



ÁREA SANITARIA
A Coruña e Cee



CENTRO DE SAÚDE
CIS de Carballo



DATA DE CONSTRUCCIÓN
1991 · 30 anos



TITULARIDADE
Tesourería SS



TIS
31.846

Como centro de saúde no PAC

NECESIDADES DETECTADAS



O actual centro de saúde de Carballo, de dependencia patrimonial municipal, foi construído no ano 1991, ao que se foron engadindo progresivamente recursos humanos e materiais, ao tempo que se implantaron novos programas asistenciais. Na actualidade as instalacións están ocupadas na súa totalidade na xornada de mañá e ademais estanse a utilizar 3 consultas da área de PAC (2 por medicina de familia e 1 por enfermería), imposibilitando deste xeito as novas incorporacións de profesionais que se prevén necesarias pola oferta de novas prestacións a desenvolver na Atención Primaria.

Faise necesaria unha a ampliación deste centro para albergar máis consultas na área clínica e de diagnóstico e a súa transformación nun CIS cunha área integral da muller, de rehabilitación e a creación dunha área integral de hemodiálise que permita incrementar a calidade asistencial a través da mellora da accesibilidade e da dotación tecnolóxica de acordo ás necesidades detectadas.

ESPAZO ESTIMADO > **1.820,6 m²**

PROPOSTAS DE ACTUACIÓN



Reforma e ampliación

Proponse a ampliación deste centro para albergar máis consultas na área clínica e de diagnóstico e a súa transformación nun CIS cunha área integral da muller, de rehabilitación e a creación dunha área integral de hemodiálise para 25 postos de diálise.

O Plan Funcional contempla incrementar con respecto ao actual as seguintes áreas:

- *adultos: 4 consultas de MF, 3 de enfermería, 1 despacho de xefe de servizo, 3 polivalentes*
- *muller: 1 sala de educación sanitaria, 1 consulta de obstetricia, 1 de rehabilitación de solo pélvico*
- *pediatría: aseos e sala de lactancia*
- *especialistas: 1 consulta enfermería, 1 de REU, 1 de CXD, 1 de OFT*
- *docencia: con 4 consultas e 1 área de formación*
- *PAC: 1 consulta*
- *saúde mental: 1 de psiquiatría e 1 de docencia.*
- *Ademais: 1 sala de xuntas, duplicar ximnasio, montacargas a RX*

CENTRO DE SAÚDE

Culleredo



ÁREA SANITARIA
A Coruña e Cee



CENTRO DE SAÚDE
CS Culleredo



DATA DE CONSTRUCCIÓN
1990 · 31 anos



TITULARIDADE
SERGAS



TIS
18.300

18.300 como CI e 30.000 como SAP e PAC

NECESIDADES
DETECTADAS

Centro que polo incremento da poboación experimentado nos últimos anos foise ampliando o cadro de persoal ao tempo que se implantaron novos programas asistenciais ata ocupar as instalacións na súa totalidade.

Esta reforma permitirá optimizar e incrementar os espazos do centro de saúde. Incrementarase a capacidade docente.

Tamén levarase a cabo a mellora da infraestrutura do Punto de Atención Continuada.

PROPOSTAS
DE ACTUACIÓN

Reforma

A ampliación incorpora a maiores do existente: 1 consulta de medicina de familia, 1 de enfermería, 1 sala de urxencias, consulta de infecciosos, 1 sala de rehabilitación de solo pélvico, 1 consulta de pediatría e 1 de enfermería pediátrica, 3 consultas de docencia, aula de formación, 1 cabina de rehabilitación, espazos para o persoal: sala de xuntas, despacho de xefe de servizo e aseos.

No PAC: 1 sala de reanimación/observación, 2 consultas de docencia e aseos.

ESPACIO ESTIMADO > **800 m²**

CENTRO DE SAÚDE Cedeira



ÁREA SANITARIA
Ferrol



CENTRO DE SAÚDE
CS Cedeira



DATA DE CONSTRUCCIÓN
1990 · 31 anos



TITULARIDADE
SERGAS



TIS
6.500

6.500 como CD, 10.000 no PAC (Cedeira máis parte de Valdoviño) e 15.500 para a fisioterapia (Valdoviño, Cerdido, Moeche e As Somozas)

NECESIDADES DETECTADAS



Necesidade de incrementar a carteira de servizos pola súa distancia ao hospital. O actual espazo do centro é moi limitado non contando con locais de apoio. Faise necesario mellorar o PAC para facelo máis accesible.

O actual centro de saúde conta cunha superficie de 1.144 m².

PROPOSTAS DE ACTUACIÓN



Reforma e ampliación

Reforma e ampliación do centro para incluír novos servizos como traballo social e fisioterapia.

A ampliación representa a creación dos seguintes espazos asistenciais: 1 despacho de traballador social, 1 sala de técnicas, 1 sala polivalente, sala de toma de mostras, 1 consulta de docencia, sala de educación sanitaria. No PAC unha sala de observación/reanimación e vestiarios, e sala de fisioterapia con ximnasio, cabinas e consulta, 1 sala de persoal e 1 sala de xuntas. **Os espazos previstos son:** 5 consultas de medicina, 5 de enfermería, 1 de farmacia, 2 polivalentes (probos, técnicas, extraccións), 1 consulta de pediatría e 1 de enfermería pediátrica, 1 consulta de matrona, 1 sala de formación, 1 consulta de fisioterapeuta e 1 ximnasio.

Ademais de: recepción, arquivo, oficios, esperas, aseos, sala de estar e xuntas de persoal, aseos, almacéns...

Contará tamén cun área para PAC con: 1 área de recepción, sala de reanimación/observación, 1 consulta de medicina, 1 de enfermería, esperas, aseos, almacén, estar de persoal e 2 dormitorios.

ESPAZO ESTIMADO > **2.011,8 m²**

CENTRO DE SAÚDE

Noia



ÁREA SANITARIA
**Santiago de Compostela
e Barbanza**



CENTRO DE SAÚDE
CS Noia



DATA DE CONSTRUCCIÓN
1997 · 24 anos



TITULARIDADE
Tesourería SS



TIS
13.800

NECESIDADES
DETECTADAS

O centro de saúde comparte o edificio con outros organismos e está distribuído en diferentes plantas con deficiencias importantes que impiden o crecemento tanto en número de profesionais como na carteira de servizos, falta de sala de técnicas para a incorporación de novas tecnoloxías como diagnóstico ecográfico. Ubicación da área pediátrica en planta superior, zona de admisións de dimensións pequenas. O PAC dispón de locais de dimensións non moi amplas tanto en consultas como sala de observación e de apoio.

O edificio presenta tamén problemas de condensación/humidades en consultas derivadas da mala impermeabilización das terrazas e da cuberta. Ventás de aluminio sen rotura de ponte térmica con importantes filtracións de aire, baixo illamento acústico. Sistema de calefacción e auga quente non acorde coa normativa actual. Ausencia de sistema de climatización/ventilación. Ascensor antigo de reducidas dimensións, imposibilidade de subir camillas e os pacientes en silla de rodas non poden ir acompañados.

O espazo dispoñible é de 1.778 m².

ESPACIO ESTIMADO > **4.183,2 m²**

PROPOSTAS
DE ACTUACIÓN

Novo centro

O novo centro de saúde contará con: 9 consultas de medicina e 9 de enfermería, área bucodental, 1 consulta de farmacia, 1 consulta de infecciosos, 1 de urxencias, 4 consultas polivalentes, sala de toma de mostras, 4 consultas na área de pediatría, 1 consulta de matrona, sala de docencia, área de fisioterapia, 1 despacho de traballador social, área de saúde mental con 5 consultas, e área de atención a drogodependentes con 3 consultas. Na área de urxencias: 5 consultas e base para o 061.

Con respecto ao centro de saúde actual incrementanse: 6 consultas de adultos, 1 de hixienista dental, 2 en pediatría, 1 de enfermería no PAC, 2 da unidades de saúde mental, vestiarios en fisioterapia, e zona de admisión e esperas na UAD.

CENTRO DE SAÚDE Ribeira



ÁREA SANITARIA
**Santiago de Compostela
e Barbanza**



CENTRO DE SAÚDE
CS Ribeira



DATA DE CONSTRUCCIÓN
1993 · 28 anos



TITULARIDADE
Tesourería SS-ISM



TIS
20.500

NECESIDADES DETECTADAS



O centro de saúde comparte espazos con outros organismos, distribuídos en diferentes plantas con deficiencias importantes no número de consultas que impide o crecemento tanto en número de profesionais e servizos.

Falta de sala de técnicas para a incorporación de novas tecnoloxías de diagnóstico ecográfico. Ubicación da área pediátrica en planta superior, zona de admisións de espazo reducido.

Edificio con distintos problemas como a condensación/humidade en consultas derivados da mala impermeabilización da cuberta de pizarra; problemas de filtracións de aire polas ventás de aluminio sen rotura da ponte térmica, baixo illamento acústico, sistema de calefacción e auga quente que non cumpre a normativa, distribución eléctrica deficiente.

PROPOSTAS DE ACTUACIÓN



Novo centro

O novo centro contará: 10 consultas de medicina e 10 de enfermería, área bucodental, 1 consulta de farmacia, 1 consulta de infecciosos, 1 de urxencias, 4 consultas polivalentes, sala de toma de mostras, 6 consultas na área de pediatría, 1 consulta de matrona, sala de docencia, área de fisioterapia, 1 despacho de traballador social.

Con respecto ao centro actual incrementáse: 6 consultas de adultos, 1 de hixienista dental, 1 en pediatría, sala de educación sanitaria.

Ademais novas áreas: área de fisioterapia e área de saúde mental con 5 consultas.

No PAC incrementáse 1 consulta.

ESPAZO ESTIMADO > **3.774 m²**

CENTRO DE SAÚDE

Porto do Son



ÁREA SANITARIA
Santiago de Compostela e Barbanza



CENTRO DE SAÚDE
CS Porto do Son



DATA DE CONSTRUCCIÓN
1994 · 27 anos



TITULARIDADE
Municipal



TIS
6.000

NECESIDADES DETECTADAS



O edificio presenta deficiencias importantes en canto ao número de consultas que impide o crecemento tanto en número de profesionais e servizos. Falta de sala de técnicas para a incorporación de novas tecnoloxías de diagnóstico ecográfico. Ubicación da área pediátrica en planta superior, zona de admisións de espazo reducido. Cuberta con deficiencias que producen filtracións nas consultas. As ventás de alumnio presentan filtracións de aire e auga. Ausencia de sistema de climatización/ventilación. Distribución eléctrica deficiente. Centro que non dispón de ascensor.

A superficie coa que conta o centro é de 1.079 m².

ESPACIO ESTIMADO > **1.793,4 m²**

PROPOSTAS DE ACTUACIÓN



Novo centro

Este novo centro contará con: 5 consultas de MF, 4 de enfermería, 1 de farmacia, 1 de odontoloxía 1 sala de respiratorios, 1 consulta de urxencias, 2 consultas polivalentes, despacho de traballador social, 1 sala de toma de mostras. Na área pediátrica 1 consulta de pediatría e 1 de enfermería. Na área da muller 1 consulta de matrona e sala de educación sanitaria. Na área de rehabilitación: 1 consulta de fisioterapeuta e ximnasio de fisio, ademais de espazos de apoio, administración e personal.

O novo centro incrementa con respecto ao actual en: 1 consulta de adultos e 1 de pediatría, 1 de odontólogo (novo servizo), sala de educación sanitaria, despacho de coordinación e despacho de atención ao usuario.

CENTRO DE SAÚDE Pantón



ÁREA SANITARIA
**Lugo, A Mariña e
Monforte de Lemos**



CENTRO DE SAÚDE
CS Pantón



DATA DE CONSTRUCCIÓN
1982 · 39 anos



TITULARIDADE
Municipal



TIS
2.148

NECESIDADES DETECTADAS



Comparte espazos con áreas municipais. Á planta alta non se accede en camilla. A organización asistencial actual non é funcional ao desenvolverse a actividade de consultas de medicina xeral en planta alta e non dispoñerse de sala de urxencias e de técnicas. As instalacións en xeral presentan un elevado estado de obsolescencia e a eficiencia enerxética do edificio é baixa.

ESPAZO ESTIMADO > **600 m²**

PROPOSTAS DE ACTUACIÓN



Novo centro

O PF contempla: 2 consultas de medicina, 2 de enfermería, 1 sala de toma de mostras, 1 sala de técnicas, 1 polivalente/docencia.

Con respecto ao centro actual incrementase o espazo para a realización de técnicas e cirurxía menor.

CENTRO DE SAÚDE

Sagrado Corazón



ÁREA SANITARIA
**Lugo, A Mariña e
Monforte de Lemos**



CENTRO DE SAÚDE
CS Sagrado Corazón (Lugo)



DATA DE CONSTRUCCIÓN
1978 · 43 anos



TITULARIDADE
Alugado



TIS
6.900

NECESIDADES DETECTADAS



Centro de saúde situado no baixo dunhas vivendas sociais ocupando unha superficie de 561 m² en diferentes niveis, con instalacións obsoletas e falta de espazos para implantar novos servizos asistenciais e de docencia.

Ao facerse un novo centro planifícase para a atención de 10.000 TIS o que permitirá reorganizar os cupos de San Roque e Illas Canarias.

PROPOSTAS DE ACTUACIÓN



Novo centro

O PF proposto contempla: 7 consultas de medicina, 7 de enfermería, 1 sala de toma de mostras, 1 consulta de farmacia, 1 sala de técnicas, 2 polivalente/docencia, 1 consulta de pediatría e 1 de enfermería pediátrica, área administrativa con despacho de traballador social e despacho de coordinación. Ademais de estar, aseos, oficios, almacéns, instalación...

Con respecto ao centro actual incrementase: 7 consultas de adultos, aseos de pediatría, despachos de coordinación, sala de xuntas.

ESPACIO ESTIMADO > **1.534,4 m²**

CENTRO DE SAÚDE A Milagrosa



ÁREA SANITARIA
**Lugo, A Mariña e
Monforte de Lemos**



CENTRO DE SAÚDE
CS A Milagrosa (Lugo)



DATA DE CONSTRUCCIÓN
1978 · 43 anos



TITULARIDADE
Tesourería SS



TIS
24.750

NECESIDADES DETECTADAS



O Centro de Saúde de A Milagrosa ocupa os espazos dun antigo sanatorio, un edificio de 4 plantas, do que se transformaron as habitacións e demais instalacións en consultas, salas de espera, salas de exploración...

A accesibilidade é deficiente e difícil para superar barreiras arquitectónicas. Os locais de consulta e salas de traballo son moi pequenas e moi pouco funcionais, as salas de espera tamén son escasas e non funcionais.

Aínda que o novo centro de saúde teña menos poboación asignada ao pasar parte ao novo CIS do Barrio da Residencia, dadas as características do edificio necesita unha reforma e adaptación ás necesidades actuais de un centro para 5- 6 cupos de Medicina de Familia, con consultas de enfermería e todos os espazos que necesita.

Dispón dunha superficie de 1.453 m².

PROPOSTAS DE ACTUACIÓN



Reforma

Dentro da reforma integral do centro ubicaranse: 6 consultas de medicina de familia, 6 de enfermería, despacho do traballador social, sala de toma de mostras, sala de técnicas, 2 consultas de docencia, e 2 salas polivalentes.

Ademais doutros espazos como: almacéns, esperas, aseos, admisión, sala de estar do persoal, vestiarios, sala de xuntas, oficinas...

ESPAZO ESTIMADO > **1.269,9 m²**

CENTRO DE SAÚDE Meira



ÁREA SANITARIA
**Lugo, A Mariña e
Monforte de Lemos**



CENTRO DE SAÚDE
CS Meira



DATA DE CONSTRUCCIÓN
1985 · 36 anos



TITULARIDADE
SERGAS



TIS
1.780

1.780 como CS e 10.000 como PAC

NECESIDADES DETECTADAS



Preténdese a ampliación da área do centro de saúde para resolver necesidades de espazo, para a dotación dunha consulta de enfermería de pediatría, unha sala de toma de mostras, unha de técnicas, unha sala polivalente, mellorar a área de admisión e crear un área de persoal, con sala de estar/biblioteca e vestiarios.

Tamén se pretende mellorar as instalacións do PAC en canto a recepción/admisión, sala de espera de pacientes, área de persoal e unha sala de críticos. Área que actualmente comparte espazos co arquivo.

Superficie de 409 m².

ESPAZO ESTIMADO > **1.177,4 m²**

PROPOSTAS DE ACTUACIÓN



Reforma e ampliación

A reforma proposta consiste nunha ampliación do centro en: 1 consutla de enfermería pediátrica, 1 sala polivalente e 1 de técnicas (probos complementarias, citoloxías), 1 almacén (actualmente encóntrase na sala de extraccións), oficio/limpeza, adaptación de aseos e ampliación da área de recepción e arquivos.

No PAC: ampliación de 1 box de críticos, vestiarios e almacén.

CENTRO DE SAÚDE

Outeiro de Rei



ÁREA SANITARIA
**Lugo, A Mariña e
Monforte de Lemos**



CENTRO DE SAÚDE
PAC de Outeiro de Rei



DATA DE CONSTRUCCIÓN

O CS no ano 1999

O PAC no ano 1981



TITULARIDADE
Municipal



TIS
3.800

3.800 como CS e 12.000 como PAC

NECESIDADES DETECTADAS



Actualmente PAC está no antigo CS, a uns 300m do CS actual.

As instalacións do edificio presentan un estado de obsolescencia elevado: fontanería, electricidade, calefacción e continuas entradas de auga por terrazas e cuberta.

Na planta baixa hai falta de espazo asistencial: dimensións de consultas de medicina e enfermería por debaixo de 15 m², non se dispón dunha sala de observación para tratamentos, o box de críticos ten unha superficie de 17 m² (insuficientes para transfer de pacientes que acoden en ambulancia) e as áreas de recepción/admisión e de estar de persoal tamén resultan insuficientes.

Para unha mellora da organización funcional e asistencial, propónse a ampliación do edificio do CS para a ubicación das instalacións do PAC, centralizando nunha única ubicación toda a asistencia sanitaria do municipio e de urxencias extrahospitarias dos concellos que engloban o ámbito do PAC.

PROPOSTAS DE ACTUACIÓN




Reforma e ampliación

O PF proposto contempla no PAC: 1 sala de observación, 1 box de críticos, 1 consulta de medicina, 1 de enfermería e 1 polivalente, ademais de dormitorios e estar de persoal.

Ademais contemplaría espazo para a base da ambulancia localizada.

ESPACIO ESTIMADO > **334,6 m²**

CENTRO DE SAÚDE Ribadeo



ÁREA SANITARIA
**Lugo, A Mariña e
Monforte de Lemos**



CENTRO DE SAÚDE
CS Ribadeo



DATA DE CONSTRUCCIÓN
1986 · 35 anos



TITULARIDADE
Tesourería SS



TIS
9.000

NECESIDADES DETECTADAS



A configuración actual de áreas, espazos e circuítos asistenciais presenta disfuncións ao irse ampliando a carteira de servizos e non reubicarse de forma ordeada cada programa implantado.

Falta de espazos para fisioterapia.

Area de radioloxía non funcional para accesibilidade de pacientes e profesionais.

Falta de espazos e disfuncional.

Conta con 1.987 m².

ESPAZO ESTIMADO > **2.564,8 m²**

PROPOSTAS DE ACTUACIÓN



Novo centro

O PF proposto contempla: 6 consultas de medicina, 6 de enfermería, 1 sala de toma de mostras, 1 consulta de farmacia, 2 sala de técnicas, 1 polivalente, 2 de docencia, 1 consulta de pediatría e 1 de enfermería pediátrica, 1 de matrona, 1 consulta do programa da muller, sala de docencia, 1 consulta de odontoloxía e 1 de hixienista, 1 consulta de fisioterapeuta e ximnasio. Área de radioloxía. Área administrativa con despacho de traballador social e despacho de coordinación.

No PAC: 1 sala de observación, 1 box de críticos, 2 consultas de medicina e 1 de enfermería. Ademais 2 despachos para veterinarios e espazo para o 061. Ademais de sala de estar, aseos, oficios, almacéns, instalación...

Con respecto ao actual centro incrementase: 5 consultas de adultos, 1 do programa da muller, consulta de hixienista dental e despacho de coordinación, no PAC 1 consulta sala de reanimación e sala de observación.

CENTRO INTEGRAL DE SAÚDE

O Carballiño



ÁREA SANITARIA
**Ourense, Verín e
